

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **29 de maio de 2025**.

1. Apróbase por unanimidade o autoinforme de renovación da acreditación institucional da ESEI.
2. Apróbanse os Calendarios de Probas de Avaliación para as titulacións da ESEI para o curso 2025/2026.
3. Retírase este punto xa que na reunión da Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial houbo desacordos no Calendario Académico para o Máster en Intelixencia Artificial, curso 2025/2026.
4. Retírase este punto xa que na reunión da Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial houbo desacordos nos Horarios para o Máster en Intelixencia Artificial, curso 2025/2026.
5. Apróbase por asentimento o Calendario de Traballos Fin de Máster para o Máster Universitario en Intelixencia Artificial, curso 2025/2026.
6. Valóranse favorablemente as dúas solicitudes dos informes de valoración de méritos de dous profesores.
7. Apróbanse por asentimento:
 - Profesorado Coordinador de Materias/Especialidades do Grao en Enxeñaría Informática,
 - Profesorado Coordinador de Módulos do Grao en Intelixencia Artificial,
 - Profesorado Coordinador de Módulos/Especialidades do Máster Universitario en Enxeñaría Informática.para o curso 2024/2025.
8. Apróbanse por asentimento representantes nas seguintes comisións :
 - Permanente: 4 estudantes.
 - Calidade: 1 PDI ámbito científico.
 - Adaptacións e Recoñecemento de Créditos: 2 estudantes.
 - Mesa da Xunta de Centro: 1 PDI con vinculación permanente.
9. Non hai asuntos de trámite.